

Núm. 101

Tomo 9.

# nós

CASTELLÁS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fara da Península 8'00 >

Número solto 0'70 >

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

ESO, por ANÍBAL OUTEIRO.

UNHA TÁBOA DO CONVENTO DE BELVÍS, por XESÚS CARRO GARCÍA.

O ANTIGO MELODRAMA PASCOAL, por XERMÁN PRADO.

NOTAS ENCOL DA LABOURA DE RESTAURACIÓN DE DOCUMENTOS (proseguimento), por ALFONSO VÁZQUEZ MARTÍNEZ.

MISCELÁNEA. — Un castro na beira do Miño, por XÁN ASTORGA. — Cossante, por CARBALLO CALERO,  
OS HOMES, OS FEITOS E AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2º

Vicente Risco

Abogado

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Maio do 1932 ★ Núm. 101

E

S

O

POR ANÍBAL OUTEIRO

Os árbores

—dous contados, pero máis—  
abálanse para acalentar  
a espranza das montañas  
tirando do fin do istante,

Unha voce no ar

quer a ponte de un soño  
para acabar de pasar.

É enxebre o día;  
o pensamento folga d'il  
e vai ficando nos latexos  
en que se descansa da eternidá.



## UNHA TABOA DO CONVENTO DE BELVIS

POR XESÚS CARRO GARCIA

ENTEIRÁRONOS, no derradeiro vrán pasado que as monxas do convento de Belvís, xa nas aforas da cibdade de Sant-Iago, gardaban con moito agarimo unha táboa pintada de descoñecida antiguidade.

Unha tarde aló fomos e as monxas non nos puxeron reparo algúin en que as viramos e as estudásemos ó noso xeito.

Trátase, como pódese ver na foto nro. 1, de unha peza pintada de tres táboas e unha

táboa, se representa ó Nosso Señor en Maxestade, sentado e beizoando ca man direita, tendo na outra o mundo que remata ca crus. Anxes orantes e de xionllos á un e outro lado. A sua direita, detrás dos anxes, un monstro fero.

Escomenza a parte número 2 con ista inscripción:

Responde a lenda seguinte: «Como los diez mil martires, por la gracia de Cristo, fueron cristianos i bencieron mil ereges.»

Ali están douis exércitos de cabaleiros de frontados. Na direita, os cristiáns. Nol-o di a crus roxa pintada nos escudos e bandeiras. No centro, enriba d-unha coluna, un ídolo. As frechas revíranse contra os musulmáns. Diante dos cabaleiros cristiáns, tópanse douis guerreiros de xionllos. Un anxel, no lado do exército cristián, baixa do ceo e presenta ista cartela: «Cree en cristo i bencereis». Na parte 3, outra inscripción:

Dinos a sua lenda: Despues los llebo el angel al monte Ararat, e do fueron presos i llevados delante los emperadores y los mandaron ape...»

Vése un grupo de mártires. No centro, un anxel que ten ista cartela: «Presto recibireis martirio». Despois outros ánxeles que traen nas mans froitas, vasos, xarros e outras cousas.

E na parte 4, a derradeira inscripción:

É o seguinte: «Dreiar i que le diesen toda la Pasión de Cristo Nuestro Señor padecio ansi por entero. Fué en todos executada la sentencia.»

Tópanse ali, na esquerda, douis emperadores coroados e sentados. Os escoltan guerreiros ben armados. No centro, grupo de mártires. Na direita más guerreiros. Parece que son os gardas dos mártires.




FIG. 1

d-etas fendida. Ten forma reitangular e remata en frontón. Mide de outo 1'95 m. e no ancho 1'62 m. Está dividida en catro partes horizontaes e cada unha con un outo de 45 á 48 mm.

Na parte número 1, grabado de forma da




FIG. 2

É inindubio que ista táboa refrese ós dez mil crucificados de Araat, festa que a eirexa católica celebra no dia 22 do mes de San Xohán.

O «Compendio Historial», por Frai Pedro de San Martín, copiado e anotado por don

Manuel Antonio de Verfn Pérez Seixas, páxina 135, publicado pola Biblioteca de «El Llibredón», nos di o seguinte:

«Dice el Manuscrito. En este año de ciento treinta y uno hace mención Dextro de los diez mil mártires crucificados de Armenia, a

los cuales, según Camargo, convirtió su maestro y compañero Hermolas Arzobispo de Toledo, con que se convence más eran españoles. De ellos hace mención el Arcipreste Juliano y que el año trescientos y seis fueron traídas sus reliquias a España como a su propia patria y a Toledo, y que el mayor número de estos santos fueron españoles etcétera. Son gallegos de la antigua Galicia: la ciudad que fué de Auca, Oca y de sus montes de Oca, la cual había fundado y puesto su apellido un gran señor y goberna-

ción da aitual eirexa (1725) había un altar adicado os Dez Mil Mártires, onde se atopaba a tábua, e que n'il se celebraba unha misa solene todolos anos á sua honra.

A tábua, asegún isto, pódese ter como unha parte de un antigo retablo e quizás do século XV.

A eirexa, emporiso, do convento de Belvis xa eisistía na mitade do XIV. Podería suceder que a dita tábua fora do derradeiro do século. Hai certos rasgos que non desmintirian ista data.

MOL COM OS DIZ MIL MÁRTIRES POR GRACIA DE DEUS FERON CRISTIANOS BENCI ERON CIEN MIL REGES

FIG. 3

dor hijo de la ilustre casa de Oca en Galicia. El capitán principal de ellos fue San Acacio y siendo sus emperadores romanos, naturales y oriundos de aquella misma tierra, que por su mucho valor los llevaron consigo a militar al imperio.

De creer es, que todos estos mártires pertenecen a Galicia, como notan algunos autores citados. Padecieron martirio crucificados, por confesar a Jesucristo, por estos tiempos en veintidos de junio.\*

Ainda que non mereza moito creto is-

Agora é difícil de precisar. A tábua está en moi malas condicións. Botárona á perder as mesmas monxas. A fregaron con estropaxo e a repintaron que pon medo. Quedou feita unha verdadeira calamidade.

Chaman tamén moita atención os letreiros cas lendas. Isto foron pintados entre o século XVII ou XVIII. Debaixo os primitivos, como pode verse nos comenzaos dos dítos letreiros, algunas letras de trazos antigos.

Ista tábua, emporiso, non satisface á moi.

2000 ESPSOS LEBELANGEL ALMOCARARAT ADOP VERON PRESOS ILLEBADOS DEL ANEL OSEMPRADORES LOS MANDARON APE

FIG. 4

tos datos históricos, procedentes dos falsos cronicóns, débense n'iste caso ser tidos en conta, pois nos espican unha lenda e, tal vez, o motivo do culto d'estes mártires na nosa rexión galega. A dita festa dos dez mil santos mártires consta que se celebrou xa na eirexa do convento de Belvis no século XV. Pra fomentar a devoción dos fiés e procurar que contribuisen con esmoladas, o Papa Inocencio VIII despachou o 14 de Marzo do 1489, a rogo da monxa doña Elvira Peña, unha Buldula pola que se concedían cen días de indulxencias por visitar dita eirexa, desde primeiras e segundas vésperas nas festividades do Viernes Santo, Ascensión, Dedicación de Eirexa e os Dez Mil Mártires.

Consta tamén que dinantes da reedifica-

tos peritos e sabidos críticos da pintura. Seu estado, en verdade, é pra desconcertar. Dende logo a sua técnica non sería de unha boa man, mais a sua antigüidade non pode dubidarse. É unha pintura craramente de valor arqueológico e histórico pra a nosa cibade de Compostela. Atribuirlle outros valores, é moi esposto pra cair na pura fantasia.

Foi un ilustre arqueólogo portugués, Xosé de Figueiredo, que se ocupou d'ista tábua nun libro que non me foi posibre de coñecer.

Soilo sabemos que iste autor, por unha carta (1) escrita ó meu mestre sabido arqueó-

(1) «Unha carta inédita de Xosé de Figueiredo», por Alvaro de las Casas, páx. 154, NÓS, núm. 98, 15 Setembro de 1933.

logo D. Eladio Oviedo Arce, no 22 do mes de Santa María do 1910, lle decia: «É a propósito não seríal possivel obtererse uma fotografia da táboa de Belvís do tamano 24 por 30, ou, pelo menos, 18 por 24? Sendo esso possivel e não havendo ahí chapas especiales achromáticas, eu mandal-as-hia V. Ea... Tinha grande empenho em reproduzir na edição

zer-se o seu estudo, e essa honra caberia a V. Ea. para maior lustro da Galliza e da arte Gallaico-portugueza.»

A lenda do século XVII - XVIII, non chegou arrincarse, porque ainda hoxe se conserva. Penso que o profesor e restaurador portugués Luziano Freire, non debeu vir a Sant-Iago. O proiecto quedou sin facer.

O DREARIO DESENTE DA PASION DE XONS PABECIOU ANSI PORETERO FUE EN TODO SE CVTADA LA SENCA

FIG. 5

franceza do meu libro, *a táboa de Belvís* e ainda, se isso fosse possivel, un fresco gallego do XIII ou XIV.»

Non sei, pois, si a foto que pedía o douto arqueólogo portugués foi remitida ou non, e, polo tanto, si fegura na mencioada obra.

Engadía na carta: «Se houvese ahí quem estivese disposto a pagar as despezas de viagem (e a viagem é só do Porto a Santiago) oa Prof. Luciano Freire, o admiravel restaurador dos quadros de S. Vicente, e meu collega na Academia Real das Bellas-Artes de Lisboa, eu conseguiría que elle fosse ahí examinar e tractar a táboa de Belvís. Arrancada a legenda que lle foi applicada no século XVII (?), poder-se-hia com segurança fa-

É posibele que o erudito arqueólogo Xosé de Figueiredo datase moi outo a táboa de Belvís, que xa cando figurou na Exposición Arqueolóxica de Sant-Iago, no ano 1909, metera moito ruido antre os críticos de arte.

A táboa de Belvís, despois da dita Exposición do 1909, quedou compretamente esquecida e pechada antre os grosos muros do convento, moi gardada pol-as monxas.

Ali estaba ainda o derradeiro ano. Xa entón cercaban o convento os mouchos dos chamarileiros. Agora, n'estos tempos, as cousas vanse e pérdense. Perfiren isto que facer doacións os museos, onde poder estudar. É un egoísmo mal entendido.



# O ANTIGO MELODRAMA PASCOAL

POR XERMAN PRADO, O. B. S.

**O**CUPADOS no arquivo cadeiral de Compostela en trascribir o canto do celebrado Códice Calixtino ca sua habitual amabilidade puxo nas nosas mans D. Xesús Carro, unha morea de anacos de canto gregoriano

ción aquitana do séc. XI ou XII, anque aqueles anacos pertescen á séculos posteriores.

Ren digno de especial mención, agas unha folla moi vella, na coal, non embargantes, pode lérse todo un pequeno melodrama mu-




FIG. 1

tomados de cubertas de libros vellos. Ren digno de moita mención atopamos antre aquellas vellas lembranzas do pasado que revelan a existencia de un cantoral en nota-

sical, o chamado en algúns libros antigos *officium sepulchri* e que no anaco compostelán ten o tituo de AD SIGNIFICATI-  
NEM SEPULCHRI ou sexa unha pequena

## AD SIGNIFICATIONEM SEPULCHRI




FIG. 2

pero belida representación escénica, que, como en todal-as grandes eirexas da cristianidade tería lugar en Santiago na noite de Pascua ó rematarse os maitins da *maxima omnium sanctorum Vigiliarum*, como diría S. Agustiño.

Non temos porque alongarnos respecto á istes melodramas en que, asegún a tesis más común e tamén más autorizada, ollamos o orixen do teatro moderno que non descende por liña reita do greco-latino, senón dos melodramas litúrxicos medievaes, celebrados

nas cirexas, maormente en Navidade i-en Pascoa frorda.

No fragmento compostelán o oficio do Se-pulcro atopase reducido á sua expresión máis sinxela, demostrando maior antiguedade. A mesma notación con unha soia liña e sin clave de moi belidos trazos e oscilando ante a neumática e a aquitana de puntos sobrepostos á distancias proporcionaes acusan un orixen de comenzaos ou medeados do século XII.

Alternan en animada conversa a Madane-la quen rompe o silenco perguntando amar-gurada polo seu Deus e Señor. «En onde fica Cristo meu Señor?» Pergúntallo ás santas mulleres que lle fan compañía i-estoncias aparesce o anxo que saúda docemente os *cristícolas*. Remata a pequena conversa con un canto de xúbilo: «Alleluia» e con un acto de fe na resurrección de Cristo.

## NÓS

Non se dí quenes terían de alternar n-ista belida escea, que, con seguridade, constituiría as ledicias do pobo compostelán e dos seus piadosos pelengrins na noite santa da Pascoa, pero os nenos de coro e os cantores da basílica, rifariánse, como n-outras cirexas, á oficiatura de tan encantadora escea, vestidos cada un á semellanza dos persoaxes representados.

Lembrándonos do consello evanxélico: «recollede os anacos pra que non morran» trascribimos o belido drama con toda fidelidade posible non afastándonos do que parece suixerir a sua notación de unha *diesiema-tia* un tanto imperfeita inda en casos en que as nosas lembranzas de outros dramas sò-mellantes aconselláronnos outros xiros mèdicos.

Abadia de Santo Domingo de Silos.



# NOTAS ENCOL DA LABOURA DE RESTAURACIÓN DE DOCUMENTOS

Por ALFONSO VÁZQUEZ

(Prosseguimento)

Nos códices que polo lume, alquitrán e outras materias se amazacotaran formando todo un bloque, había que empezar pola esfoliación e desinfección do mesmo por medio de soluciones de sublimado corrosivo, ácido tónico muy diluido; solución de formalina ou solución acuosa o 40 por 100 do aldehido fórmico ( $\text{CH}_2\text{O}$ ) etc., etc., que todos se foron ensayando en busca de un, de positivo resultado.

Outras varias e diferentes soluciones químicas de más variados corpos, foron ensaiadas, tomando parte muitos químicos que traballaban recibindo colaboración de variada xente entre as que podríamos citar á señorita Serafina Bonomi, preparadora no Museo Zoológico, que escomenzou o ensayo co-a glicerina.

De toda esta laboura, como final de trabalho, conseguiuse a restauración de documentos en número de 250; dos que 150 eran latinos; 20 griegos; 34 hebreos; 30 franceses e 8 italianos.

Por indicación do laboratorio do Vaticano, ó frente do que achábase o dito P. Erhle, iniciouse o emprego da cámara húmeda, que deu positivos e prácticos resultados ainda que sexa unha laboura lenta, recomendada tamén polo Dr. Guareschi polo seu laboratorio.

A descripción da cámara húmeda según o tipo usado no Vaticano, é a seguinte:

Unha caixa de zinc ancha de 57 cm. e de 31 cm. de alto por 47 cm. de profundidad, contén no seu interior 5 caixas, cujas esquinas son láminas de zinc, mentres que o fondo é unha tela metálica niquelada ou barnizada que á través dela deixe pasar o aire húmedo. Nas caixas, pónense os folios á humedecer, e no fondo na última caixa, que será un pouco máis outa que

as demás, encheráse de arcilla mezclada con auga e salnitro de modo que forme unha pasta espesa. Feita esta mezcla, e deixándoa eisi espesa, bótasele auga, conservando por longo tempo unha atmósfera fria e húmeda, polo que ás 24 horas todolos folios de pergamo amolecen e humedecen lixeiramente.

Toda esta caixa vai dentro de outra caixa, que completamente pecha á ésta, na que son comuns tres partes, e a cuarta parte que cubre a dianteira, xira deixando e permitindo a apertura dos cinco caixóns.

Esta tapa cerra axustada. (Fig. I)

Outro tipo más pequeno de caixa que é usado pra esfolialos libros, separando as distintas partes apelmazadas, amazacotadas, etc., á causa de algún incendio, inundación derrumbamento ou outra calquer causa fortuita, é a que representa a figura 2, unha caixa co-a sua correspondente tapa, na que se atopan no interior unha ou más redondillas divisorias que conterán os libros ou tamén pergameos soltos. O fondo da mesma atópase cheo de buratos pequeninos por onde ha de pasar o vapor de auga procedente de un depósito que debaixo da caixa está cheo de auga a coal é quentada por gas, bencina, etc.

Este é un procedimento rápido pero que lle dá moita humedad ós pergameos, cousa nada recomendable cando se trate de páginas miniadas, xa seian de páginas enteras con diversas e variadas coores, polo temor de que sufran éstas na sua coloración artística.

Como proba de todo isto amostraré aquí o proceso seguido con un códice latino, que carbonizado e nun estado bastante malo, foi ouxeto de restauración.

É un fragmento que ten a parte dianteira

queimada, e na parte traseira ven-se unhas páxinas todas contraídas.

As suas medidas denantes de escomenzar o seu restauro, eran:

Lonxitud na liña central posterior, 132 cm.

Anchura do folio na cabeza, 89 cm.

\* \* \* no centro, 8 cm.

Espesor do fragmento, 7 cm.

A fotografía número 5 representa o pedazo de frente, e en parte de flanco; a n.º 6 representa unha páxina interna enrugada.



FIG. 5

Posto o fragmento na cámara húmeda pra esfolialo; algúns separáronse fácilmente, pero o último non se conseguiu e quedou xungido e seco.

Na cámara húmeda os folios non se dilataban moito; as dimensións apenas aumentan, sumerxido en auga de 25-30° (grados) por poucos minutos, esténdese.

As suas medidas son:

Lonxitud, 18 cm.

Anchura, 12'5 cm.

Temos pois que de 117 cm.<sup>2</sup> que antes tiña

## NÓS

de superficie, convertiuse en 225 cm.<sup>2</sup> é decir, dobrouse.

A fig. 8 representa a folla solta e presa.

O desenrugamento era o martirio dos restauradores, e entre outros ensaios a señiorita Bonomi conseguiu distender follas moi contraídas que uniformemente non se podian alisar, e pra elo valeuse de un ferro quente pasado lixeiramente sobre da parte desenrugada estando húmedo o pergamo e húmedo tamén un pano intermedio (1).

Pra evitar a fraxilidade que adequiria o pergamo tratouse con unha solución alcalina diluída ó 10 %, pra facelos flexibles, brandos e plegables.

Empregáronse así mesmo, cloruro de zinc, ó 1 %; cloruro de magnesio; de cal; o acetato de potasio neutro ou lixeiramente alcalino, e cen mil más preparados químicos.

Un códice latino foi tratado pol-o xabón potásico con resultados satisfactorios como se pode comprobar nas figuras 13 e 14 antes e despois do tratamento.

Non todol os códices eran tratados do mesmo xeito, polo que contiñan miniaturas, tiñan que ser preservados de unha moi forte humedad, pra que aquelas non sofriran destrimento.

Quen de unha maneira activa e laboriosa dicta normas e impulsa a restauración é o xa tantas veces citado P. Erhle que expuña os procedimentos por él seguidos e ensaiados dandós a conocer ó mundo enteiro pra que se lle criticara, estudiando en forma de que se poidera aplicar convenientemente.

Prescindiremos das discusións que surxiron no emprego de procedimientos variados con materiais e substancias restauradoras tamén varias como foron, o curlo, o zapón, o Kitt, cellit e a xelatina (2, 3, 4, 5).

Parece ser que esta derradeira materia foi a que mellores garantías ofrecio pra o restauro e proba diso foi que no Vaticano oxe

(1) Guareschi, I. Observazioni, pax. 448.

(2) Biagi, Guido. Della conservazione etc., pax 158.

(3) Biagi, Guido L'Officina per il restauro etc., pax. 99.

(4) Erhle, Francesco. Della conferenza internazionale etc., pax. 119.

(5) Casanova, Eugenio. Archivistica, paxs, 100-102.

é o material empregado con procesos e procedimentos que deseguida imos a analizar.

Pra poder camiñar ó par do documento que se vai á restaurar seguiremos paso a paso todolos detalles necesarios e precisos, procurando detallar nas cousas que pol-a sua delicadeza de traballo necesiten unha explicación máis clara, pra o seu mellor entender.

Si se trata de un libro con follas de pergameno, o primeiro que se fai é desencuadernalo procurando non cambiar os folios pois como se sabe cuáseque non están enumerados, e si así é numéranse con lápiz.

Este códice á tratar supónse que estará atacado pol-o verme e por conseguinte no lombo do mesmo as ligaduras das encuaderacións e o pliegue dos folios.

Desencuadernado si os folios están moi enrugados humedécense lixeiramente de modo que sin estar mollados estén húmedos, e colócanse seguidamente entre follas de papel filtro e por riba taboeiros de madeira que sin faguer gran presión fan que a auga sobrante sexa chupada pol-o seante.

Pero como quizá ainda conteña bastante humedad, vólvese á colocar o pergameno entre dous taboeiros de madeira e duas follas de papel corrente, recibindo entón unha pouca máis presión que na primeira vegada; isto feito xa temos o pergameno en condicións de ser traballado e como é probable que ainda as enrugas non lle pasaran, no sitio onde estas se atopen estríase co-a man, tratando de desfacel as más pobres, pra volver de novo á prensa metidas entre papeles e taboeiros e con unha presión maior que as derradeiras, déixanse estar por espacio de media hora ou tres cuartos de hora.

Hai que procurar todo o posible que non faga cama ningunha enruga, pois hai que tratalo de novo.

Transcurrido este tempo separaránse de novo por si quedou algún folio mal e ó mesmo tempo dáselle a volta. Na prensa colocaránse d'este xeito: unha folla de papel non moi grosso, dispóns unha folla de pergameno, enriba outra de papel, e inmediatamente un novo cartón, e do n esmo modo

en outra folla calquera, de modo que o pergameno queda entre duas follas de papel e dous cartóns.

Así colocadas volven de novo á prensa e eutoncés aprétase fortemente deixandoas así por espacio de 48 horas.

Este tempo é mester como así mesmo a forte presión, porque cando se introduce na prensa ainda vai húmedo, e cando está prensado e sin enrugas, ó sacalo fora da prensa, ainda húmedo, contráese e retórcese todo,



FIG. 6

pol-o coal con unha forte presión sécase e adequire unha posición chaira e lisa.

Ás 48 horas pasadas ou máis si fai falla sacaráse da prensa e comenza o traballo propiamente dito de restauración, o que terá por obxecto renovar e reforzar todas aquelas partes que estean carcomidas ou rotas, cortadas ou de calquer outro modo anormal, xa foran causados pol-o deterioro ou malos tratos do pergameno.

Co-isto comenza o descarnamento que é a operación máis complicada porque pra

traballar ben, necesitase práctica nacida do laboratorio; e ista operación que se fai con un instrumento cortante, navalla, cortaplumas, cuchila, etc., ben afiada consiste en adelgazar os bordes, rebaixar a grosura do pergameo na parte que corresponde o folio e na parte que corresponde o pedazo que se ha de engadir que se cortará exacto pra o buraco á encher.

O pergameo que ha de substituir n'este traballo acostuma á usarse de *pergamina velina* procurando no posibre a mesma grosura do pergameo que se traballa e sinón más delgado.

Este trozo como xa dixen desvástase tamén polos bordes en coincidencia cos do pergameo, e unha vez feito o descarnado en ambas partes péganse con *xelatina densa* preparada con *ácido acético* e ponse entre dous papeles baixo unha pequena presión que ben poden ser planchas de metal pequenas aproximadamente de 8 × 10 cm. e 1'5 de grosso.

Nas figuras 9 e 10 asíñalase con raya do a-b a parte que aproximadamente se ha de descarnar pra perfecta coincidencia dos anacos; e eiqui está a habilidade do restaurador na perfecta limpeza do traballo de tal xeito que pasando os dedos pol-o sitio restaurado non se note a enmenda.

Si hai ocos no lombo do pergameo por onde se cose faráse a restauración con pergamíño velo moi delgado pra non engrosar dispóns a encuadernación.

Sí algúnya folla estivera cortada e iste corte somentes alcanzara o marxe ou marxes, a restauración é a devandita, mais si iste corte interesara ás letras, n'esta parte non se pode facer o descarnamento so pena de desaparecer a escritura; o procedimento é outro que consiste en xuntar e facel-a coincidencia o máis que se poida, e seguidamente dase un baño de xelatina *sín ácido* e pramanter esta unión axudando á xelatina ó longo do corte, pónense trocitos de papel delgado, dándose dispóns outro baño pola outra cara e así feito colócanse as pezas de que antes faléi (fig. 10). Os anacos de papel pequeníños están indicados por puntos.

Estes anaquíños de papel quitanse dispóns

humedecéndoos lixeiramente e dispóns borrando os restos que queden, con auga.

Feita ésta laboura introducese todo na prensa, na que permanecerá durante algún tempo, e ó sacalo queda xa listo pra encuadernar.

As vegadas atópanse furados os pergameos no centro da folla collendo escritura que impide a laboura de descarnamento, e estes buraquiños échense con un baño denso de xelatina e auga (moi pouca) tendo



FIG. 8

pol-a parte de abaxo un papel que se sacará dispóns humedecéndo con auga.

Isto é o máis esencial e fundamental na restauración dos pergameos, no que a práctica é a base de toda a laboura que sobro do particular se faga.

De moita más responsabilidade é compliación e a restauración de manuscritos, libros, documentos, etc., en papel. A pouca consistencia do mesmo e pór conseguinte o maior perigo que encerra de unha más pronta e definitiva restauración obriga á maior cuidado e escrupulosa vixilancia dos mesmos.

Falaremos dos documentos en papel xa

en códices, libros, etc., etc., que sofriron daño do fogo ou da humedad, e ainda que os motivos son semellantes o procedimento de restauración é diferente.

A causa máis corrente e a humedad que en algunas rexións, cidades e pobos é unha verdadeira calamidade e desgracia pras Bibliotecas e Archivos; de ahí a necesidade de estar labourando sempre, contrarrestando a forza destructora dos vermes de toda crás que favorecidos pol-o clima propicio ó seu desenvolvemento, e con abundante material de alimento pro seu sustento, son as plagas das Bibliotecas.



FIG. 9

A restauración do papel dada a misma lixeireza do material require maior escrupulosidade e atención na sua laboura, non esenta de habilidade e paciencia recomendada ós que á ista crás de labouras se adican.

Emprega, como xa dixen, unha meirande atención pol-o procedimento variado pois é mester unha mellor execución do proceso restauratorio.

Nos documentos en papel o que sofre máis detimento son cuáseque sempre os bordes, que por conseguinte é mester reforzar. Os procedimentos a usar son os seguintes:

Si o papel se fixo débil de pouca consistencia somentes pol-a humedad desaparecéndolle a cola que lle daba resistencia, bas-

tará somentes que o papel sexa discretamente e á miúdo unha ou duas vegadas cuberto de unha proporcionala cantidade de xelatina ou pasta de fariña de almidón á todo o manuscrito solto da sua ligadura.

O exceso de humedad atmosférica ablanda a sustancia gomosa do papel facendo adherir os folios e transforma os libros en bloques compactos e húmedos, derretendo e descompondo por fermentación a fibra do papel.

Si a humedad causa ruina nos libros ou documentos en pergameo e papel non é menor o destrago que fai o pó, principalmente ese pó atmosférico que é unha mezcla de detritus más ou menos minúsculo de substancias vexetais, animais e minerales, é decir, microbios mecánicamente postos en movimento por correntes d'aire, ou que están en suspensión no aire.

Este pó que hai en suspensión ó pousarse sobre dos libros adhírese á eles e pol-a variada crás de substancias de que está composto empeza o seu proceso de ruina.

Sin embargo as diferentes crás de papel e a sua confección fan variar a maior ou menor resistencia de descomposición.

Non fai moitos días con motivo de celebrarse a festa do libro déuse en Madrid unha conferencia na que se falaba entre outras cousas da calidad do papel dos modernos libros nada aptos pra resistir moito tempo nas anaqueladas das bibliotecas.

Distinguense craramente oxe nos libros as épocas d'eles atendendo á crás do papel e tamén o grado de ruina en que se atopan libros de diferente época.

A operación consiste en colocar o folio que se vai á reforzar sobre de unha lámina de vidro e con un pincel quizás con unha veada sexa bastante; aplícase por unha soila

parte unha dosis abundante de pasta de fariña de almidón, lixeiramente diluída, ou de xelatina.

Feito este tratamento ponse dispóis do lado seco pendente de unha cinta á secar. Seco xa si ainda non ten consistencia bastante, repite-se a mesma operación pola outra cara.

Si o papel é demasiado sutil, blando ou está corroído á causa da tinta de vitriolo, entón restaurárase somentes con aplicarlle o velo de seda (ou *crepe line*) pero denantes é mester preparar o papel para que poida recibir a restauración do velo de seda, e pra iso móllase con unha esponxa o manuscrito, habendo quitado coa man mesmo sin chegar á escritura toda a parte arruinada que se atopa nos bordes e sexau fragmentos inuteis, colocando dispóis o manuscrito entre dous lenzos de seda e dispóis de mollar o lombo do documento pra estendelo ben, operación que se fai enriba de un cristal, humedécese con xelatina a parte á restaurar donde se atopan os lenzos de seda e dispóis todo o manuscrito; feito isto dáselle a volta e móllase polo outro lado mollando todo o contorno que haxa que restaurar con cola ou goma de rumento, colocando seguidamente por todas as partes faltosas papel de filtro, que igualmente se mollará; inmediatamente, todo isto colocado sobre de un soporte como o indicado na figura n.º 4, con unhas pinzas quitase seguindo o contorno todo da parte que se restaura, e quitado o sobrante ponse enriba do manuscrito outro lenzo de velo que recibirá unha capa da dita cola de trigo ou fariña.

O traballar sobre do cristal a seguir indica a dita figura ten por ouxeto que o seguir o documento no seu contorno coas pinzas, pola transparencia que da pódese facer con eisactitude grande a operación, na que se usarán de pinzas e de un punzón.

Nos bordes laterais pra reforzalos encólase con fariña e pónselle papel fino, aplicando dispóis lixeiramente a xelatina pola parte restaurada e polos lados, o mesmo que pola outra banda, dándolle nos bordes unha nova capa de cola farinosa, pónselle dispóis á secar colgado de fios ou cordeles.

Rematada a operación e seco ben o papel

pásase pola prensa fortemente pra alisalo, recórtase á escuadra e seguidamente pásase polo cilindro satinador fortemente, e isto feito pode entregarse xa pra encuadernar.

Cando solamente esté escrito por un lado encólase con goma de fariña e colócase un prego de papel «Elefante velina» e polo lado da escritura o papel pra restaurar polo procedimento xa dito.

Xa que conocemos o procedimento a seguir é mester dar a conocer as condicións dos materiais a traballar, en cada caso concreto.

A xelatina que se emprega é de fabrica-



FIG. 7

ción francesa conocida co nome de «Marca de oro» e a más pura de todas pola calidá pero un pouco débil, antigamente empregábase a «Heinrichs für Lichtdruck» da fábrica alemana de xelatina Hoechst. M.

O texido de seda que oxe se emprega con positivo éxito foi primeiramente empregado pra substituir o papel transparente, pero surxiu un pequeno incommodo calera o da demasiada blancura da seda que facía algo ilexible algunas escrituras, pois parecía que había unha néboa.

Estudiouse a posibilidade de evitar este

pequeno incomenente pol-a gran ventaxa e magnífico resultado que daba pois os anacos e trozos de pergamo e papel quedaban suxetos entre os lenzos.

Consultouse o asunto ás fábricas de Lyon, e construíron unha tea especial con un coor entre gris claro e amarillo, coor que admirablemente coincidia co dos documentos desaparecendo a dita dificuldade. (1)

O resto dos materiaes son papel filtro, papel xaponés e dispois pergamo de varia-




FIG. 10

das grosuras tendo en conta os diversos espesores dos mesmos, pois, cando se humedecen o pergamo e papel distendense pol-a humedad e por conseguinte á facer a restauración procurarase que sexan do mesmo espesor pra que cando sequen tanto un como outro non teñan diferencias na contracción e non sexan causa posterior de enrugas.

Como instrumental ademais de taboeiros de madeira; cartós de tamaño de folio, abundancia de papel blanco, prensas, cilindros satinadores, esponxas, navallas etc.

(1) O encargo da dita *crêpe-lime* faiuse á fábrica de E. Poncey 27 Rue Puits-Gaillard, 27 Lyon, sendo o seu precio de 1 pts. aproximadamente o metro en pezas de 60 metros.

A continuación poño as diferentes composicións dos materiaes todos usados, nas suas diferenciacións de emprego, por variar moito na aplicación e finalidade á que se destifian.

Pra pegar o velo sobre follas de papel común, e reforzar os folios que non teñen necesidá de velo:

Xelatina. . . . .	70 gr.
Auga. . . . .	100 "
Sublimado corrosivo. 1	"

Pra follas duras e un pouco grosas ou mui corroidas aumentase a xelatina nun 10 %.

Pra xuntar cortes ou cubrir lagoas en pergamo grosos:

Xelatina. . . . .	18 gr.
Auga. . . . .	100 "

Pra reforzar os puntos débiles ou xelatinizar pergamos lixeiros ou delgados:

Xelatina. . . . .	12 gr.
Auga. . . . .	100 "

Pra facer a xelatina insolubre ó dala sobre do pergamo:

Formalina. . . . .	5 gr.
Auga. . . . .	100 "

Pra facela opaca, á combinación devandita engádese:

Alumbre de cromo. . . . .	5 gr.
Auga. . . . .	100 "

A cola forte de xelatina pra pegar os pedazos do pergamo prepárase con:

Ácido acético. . . . .	100 gr.
Xelatina. . . . .	25 "

A preparación da xelatina faiuse cortando en pedazos e póndoa en un depósito de vidro reblandécese en frío con ácido acético. Prepárase tamén na proporción de 12 X 100.

As follas de xelatina recórtanse en anacos pequenos aproximadamente de 2 cm, que dispois se deixan estar por espacio de duas horas n-unha cazola cos 100 gramos d'auga destilada fría. N-este tempo a xelatina absorbe certa cantidá de auga, transcurrido este tempo, a xelatina co-aquele que quedou d'auga destilada vértese n-un vaso e sinalase a altura d'auga.

(Continuaráse)

# M I S C E L A N E A

## UN CASTRO NA BEIRA DO MIÑO

**N**A porción meia da cunca do Miño escaseian muito as acrópoles protohistóricas. A estreiteza do val, e quizás tamén o pecho e vizoso do bosque, lembrado ainda por Orosio, foron sen dúbida as causas que impidiron o establecemento dos nosos anteriores da idade de ferro nos terráns quentes da ribeira e que os fixeron asentarse nas dilatadas paisaxes da meia montaña, más propias e doadas pro réxime predominantemente pastoril da sua economía.

Un castro en Oira, ó pe mesmo do Miño, e case á carón de Ourense, é pois un caso raro e ben merecente de ser rexistrado. E por outra parte o nome Oira, semella derivar de unha antiga *Auria*, que deixá postular a existencia perto da acrópole de un lavadeiro de areas auríferas.

A esprotación prerromana do ouro dos nosos ríos, algúns de cuios detalles non son coñecidos por Posidonio, está arqueolóxicamente sen estudar e o descubrimento do castro de Oira podería ser un punto de partida pra investigacións encamiñadas a averiguar a relación entre certos establecimentos castrexos e os antigos lavadeiros, localizados en parte nun traballo do inxeniero Luis Saunier.


Da a coñecer o castro de Oira, un rapaz novo que enceta agora o seu labor. Xán Astorga é case un neno, mais dentro de si coidamos que hai a semente de un home pra Galicia. E pros que xa imos indo vellos é un consolo e un acougo o pensar que o dia que caigamos pra non erguernos haberá quen recolla e millore a nosa fe e as nosas armas de traballo.—F. L. C.

### CASTRO DE OIRA

**E**MPRAZAMENTO.—Na parroquia de Cudeiro, concello de Canedo, á 100 m. do lugar de Peliquín, á outros 100 m. de Oira, e á uns 250 da beira direita do río Miño. Ocupa un

outeiro, que está entre dous regatos: o de Oira e o de Porto Vello, e á uns 24 m. de altura sobre o nivel do río; está cuberto de piñeiro, sobreiras, xestas, érbedos e toxos.

**DEFENSAS.**—O castro atópase arrodeado de un terraplen de 12 a 25 m. de alto, que se



aprecia perfectamente en toda a volta, sin que se noten restos de parapeto. Hai tamén, na parte N., vestixios de un foso que debía circundar a acrópole, e que se practicou abrindo unha zanxa pra separar o castro por aquela banda de un espolón que cecáis servira despóis de atalaia ou posto avanzado. Hai un antecastro que protexía as partes S. e E. da acrópole.

MESURAS. — De forma ligeiramente ovoidea, mide este castro:

Do Este ó Oeste . . . . . 60 metros  
Do Norte ó Sul . . . . . 163 metros

A anchura do antecastro é de 12 á 20 metros.

OUSERVACIÓN. — O chan do castro está formado, pol-o menos nas suas camadas superficiais, por aluvións do Miño. Non se pode apreciar si hai ou non, restos de habitacións, como así tampouco do muro de sosténimento do terrapré, que coidamos debe existir, xa que iste conserva a sua forma en toda a volta. Ó abrir un camiño provincial que pasa pol-o S. do castro, topáronse restos

do muro de unha casa e numerosas téguas.

O nome de Oira parece ser que ven do latín Auria (ouro), porque debía haber n'iste lugar un lavadeiro de ouro. Parece que iste castro desfiase co nome de «Castillo» nalgún documento antigo dos que se gardan na rectoral de Cudeiro. Denantes de facerse a «Ponte Vella» atravesaban o río unhas barchas pra levar a xente, tendo o desembarcadero en Porto Vello, lugar moi próximo á iste castro. No S. do mesmo hai unha morea de pedras.

FOLKLORE. — A preguntas nosas un home contestóunos que fora feito pol-os mouros e que hai tesouros n'il. — XAN ASTORGA.

## C O S S A N T E

XAN Luís Estelrich, na súa. «Antología de poetas líricos italianos», publicada en 1889, inserta unha composición de D. Diego Furtado de Mendoza, almirante de Castela, que reproduce de un manuscrito da biblioteca patrimonial dos Reis de España, signado A. VII, 3, fol. 6 volto. Dáa como imitación do italiano e leva o título de «Cossante» encol do que dí Amador de los Ríos (História crít. de la lit. esp. t. VI, p. 293, nota 2) que cecáis proveña da vos *coso* (praza) vindo ista composición da poesía popular. Coido util copiar á continuación o poemita, porque a primeira ollada se adevirte que a súa técnica constructiva — paraleística e con engádega — é n-un todo idéntica á dos nosos trovadores do Cancioiro. A causa de isto, más que por imitación da poesía popular italiana, téñoa por ensaio de aclimatar en Castela a poesía trovadoresca, e sospéitoa directamente inspirada nas cancións dos nosos líricos do Medievo. Di eisi:

A aquel árbol, que mueve la foxa  
algo se le antoxa.

Aquel árbol del bel mirar  
façé de maneyra flores quiere dar:  
algo se le antoxa.

Aquel árbol del bel veyer  
façé de maneyra quiere florecer:  
algo se le antoxa.

Façé de maneyra flores quiere dar  
ya se demuestra; salidllas mirar:  
algo se le antoxa.

Façé de maneyra quiere florecer:  
ya se demuestra; salidllas a ver:  
algo se le antoxa.

CARBALLO CALERO

# OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

## NOVAS

A imprensa bretona e a imprensa irlandesa é unha, adicam máximas loubanzas ó libro de Louis Le Roux, *La vie de Patrice Pearse. Breiz Atao, Lá Bretagne Federale, The Irish Press, An Phoblacht* coinciden en dicir que é o estudo mais cumprido que se ten feito encol da vida do home da Liga Gaélica e héroe da Pascua de 1916, á quem a Irlanda vai render un homeaxe público. O xornal dos republicanos irlandeses recomenda que se faga unha tradución d'iste libro para os nenos das escolas d'Irlanda.

A colectividade galega de Buenos Aires rendeu un homeaxe ó noso colaborador E. Blanco Amor, co gallo da publicación do seu *Phenomenon en cuatro tempos*.

## VIDA UNIVERSITARIA

### UNHA CONFERENCIA ENCOL DO NOSO PROBLEMA CAMPESINO

Pronunciouna o bibliotecario don Santiago Montero Díaz, antigo alumno da nosa Universidade. Organizouna a Asociación Profesional de Estudiantes de Dereito (F. U. E.). O conferente tratou o tema aplicando o método marxista. Resumimos os principais conceitos expresados. A vida económica do campesino galego é angustiosa. O problema —dificilísimo— é de maquinaria e industrialización. A situación do campesinado viña salviada pola emigración, o diñeiro dos emigrados e o traballo industrial que o labrador realizaba nas vilas. Mais a situación das Américas e o paro obrero forzoso fan hoxe llorar os talles salvios. A República, como fixo a Monarquía, desatende o agro galego. O problema agrario galego adequire relevancia histórica co movemento dos Irmandiños, que realizan un ensaio de revolución social. Os reis Católicos, por conveniencias teóricas, acelaron a obra dos Irmandiños. A consecuencia d'esto no século XVI a economía rural galega é próspera. No XVII desce, e no XVIII a miseria é tan grande como antes dos Irmandiños. A miseria prosegue nos séculos XIX e XX. Pra comprobar as súas afirmacións lee textos de Feijón, Street e Risco. O campesino galego só ten unha máscara de propiedade; é propietario pra traballar a terra, mais non pra distritalo, salvo unha pequena parte. A crase campesina é explotada pola pequena burguesía, porque non existe o grande capitalismo (Risco). A solución que propón é a revolucionaria. Elqui afíxiuse das solucións propostas por Risco. O problema se non pode resolver isolado, sen resolver con el o Andalucía, por exemplo. A revolución é a técnica agrícola e a ciencia económica. A dirección do campesinado debe asumila o proletariado das vilas auxiliado polos intelectuais revolucionarios. Hal que luchar contra o sentimento conservador que se imbula o campesino. En Galicia a consta non é o reparto das terras; é: non un tributo nin un fisco; os produtos da terra —non a terra mesma— para quem a traballe; nin unha contribución ó Estado burgués. O movemento ha ter un senso internacionalista. Ha ser a III Internacional quen o dirix.

### INSTITUTO DE ESTUDOS PORTUGUESES

A nosa Universidade honrouse coa visita de dúas figuras preclaras da intelixualdade lusa: Joaquim de Carvalho e Jaime Corteso.

Joaquim de Carvalho, catedrático en Coimbra, espírito alerta, fina sensibilidade, simpatia cordial, espriou tres tremosas leccións encol de Antero de Quental. Nas conversas que sostivemos co ilustre hóspede tivemos ocasión de apreciar o seu interese polas modernas letras galegas. Lembramos un aferroado eloxio do discurso de ingreso na Academia Galega lido por Otero Pedrayo.

Jaimé Corteso pronunciou outras tres conferencias encol do Portugal mariñeiro e descubridor. A primeira, titulada «As orixens mariñistas de Portugal nas suas relacións coa historia da Galiza», merece ser resenhada.

O conferente comenzou por afirmar que nunca se sentiu estranxeiro en España, mais que en parte algúmha da Iberia se xulgava tan próximo da patria como en Galicia. Neste sentimento de comunidade espiritual entraron algúns elementos culturais, ben literarios, ben históricos. A estes derradeiros vai referirse, pois desexa que a súa primeira conferencia sexa unha homaxe a Galicia e á sua metrópole espiritual, Santiago.

Traza en primeiro lugar aquilo a que chama a teoría xeográfica da formación de un estado no Océano Atlántico. O «ver as rexións de aquela e de alén do mar» forman —o cita a Otero Pedrayo para corroborar a súa tesis— un todo xeográfico e só a intervención de outros factores de orden relixioso e social impediron que entrasen na mesma unidade política. A causa da desintegración de Galicia do Estado do Océano da península díbase á importancia excepcional que Santiago tomou como centro de peregrinacións, tornándose unha especie de Roma do Océano, capital aberrante de unha rexión cunha metrópole natural era Lisboa.

Aduz en proba a existencia de unha mesma lingua galaco-miñota en toda a banda occidental da península desde o século VIII ó XIII, feito que fila na división convencional da administración román e no seu sistema de vías, ambos mudados sobre as condicións xeográficas naturaes.

Define a seguir a súa concepción económica dos orixes de Portugal, que naceu como nación, do pobamento do litoral, encendido desde os albores do século XII, coa formación en consecuencia de un novo xénero de vida no Océano da Península, o comercio mariñeiro con base na agricultura. Nos fins de aquél século xa os navios portugueses frequentaban Bruges e Marsella e os varios portos de escala dos países intermedios. Foi isto o feito que determinou unha solidariedade nova e a concencia de un patrimonio común.

Mais se a formación de Santiago como metrópole relixiosa provocou a separación política entre Galicia e Portugal, foi a cidade do Apóstol a grande suscavadora do comercio mariñeiro no Océano da Iberia, polo que revelou, por intermedio das peregrinacións, a grande riqueza industrial de Flandes e de Italia, e iniciou os primeiros troques con ese e outros países. Ademais, é ainda un arcebispo de Santiago, o célebre Xelmírez, quem inicia, no primeiro cuartel do século XII, a construcción de navios de guerra, indispensables á segurança do litoral, exemplo logo seguido polo primeiro monarca portugués.

Dende entón e hasta os fins do século XVI, non más se desata o convívio e a colaboración mariñeira entre Galicia e Portugal. Refírese a participación de galegos nas tomas de Ceuta e de Arcila; o galego mestre Xán Inicio e astrólogo do

rei D. Manoel I, que ten unha parte tan importante na historia da expedición de Pedro Alvares Cabral; os feitos do galego Xán de Nova, descubridor do servizo de Portugal; a moi longa colaboración da familia dos Andrade de Betanzos nos descobrimentos e conquistas portuguesas, ben especial a Fernán Pérez de Andrade, a António de Abeu e a Fernán Alvarez de Andrade; finalmente a parte importante que os galegos tiveron na colonización do Brasil.

Termínase cantando a lenda xeneiódica dos Maríñas, fidalgos de aquén e de alén do Miño, que terían nascido da unión de un fidalgo galego con unha muller maríña, patentizando nun simbolo poético estes dous feitos: a íntima unión dos homes co mar, tan esencial na historia de Portugal; e a solidariedade entreal, a través dos séculos mantida, entre galegos e portugueses.

## LIBROS

**ROMANTÍSMO, SAUDADE, SENTIMENTO DA RAZA E DA TERRA EN PASTOR DÍAZ.**  
ROSALÍA CASTRO E PONDAL, dis.  
curso de ingreso na Academia Galega, de Ramón Otero Pedrayo  
co-contesta do Académico  
V. Risco, NÓS, 1931.

Un estudo acabado dos orígenes e carauta esencial do Romantismo na Europa, e a súa aplicación á Galiza e ao carauta esentimento e o lírico galego, colíde ademais nas figuras máis representativas do noso romantismo: desde o seu inicio en Nicomedes Pastor Díaz, onde de siquero curde o galego, entre medias de poesías castelás cheas moitas veces da emoción da paisaxe, con plena eclosión en Rosalía e a perfección do sentimento da raza en Pondal. A análise qu'Otero faz da poesía e da paisaxe pondaliana, fruto dun estudo emocional sobre o terreo, non ha poder ser superada, e na bibliografía en col do barda bergantiniano, ocupará un posto único. Todo o demais que se faga, já non poderá ser máis qu'erudición.

A resposta de V. Risco é un esquema da personalidade literaria e científica d'Otero destacada nos seus caracteres esenciais.

**O VENTO SEGREL,** por Augusto M. Casas,  
NÓS, Santiago, 1932.

Ben louxando o poeta de hoxe dos sonetos de «Alma triste». Aquela poesía espiritual, de ergueita bontade oxival, aquela poesía górica, pol-o pulo do verso, pol-o silencio da idea, ben louzana de esta outra poesía redonda, romántica, aldeá. Esta más galega, non só por vir escrita na lingua pondaliana. Nela Augusto María Casas é un poeta que ama as arquivoltas cangadas, a ornamentación sensual, a ubíca polícrómia. Ama tamén a armonía do verso, a música eterna, a galicia do ouvido. Els emprega, as vegadas, rimas excesivamente sonoras pra a lírica sensibilidade moderna, que crece que a poesía debe pousar na fruta de verso como unha volvoretas, e non como unha abella. O poeta é agora, como Amado Carballo, como Bouza Brey, un poeta ourxivo e cósmico, a quem di más que o mundo interior, o mundo exterior. O pensamento desenrolado é a miúdo trivial e da leitura fica entón somente unha sensación de cor e de armonía. Lese entón o verso como se escolta unha peza de música. O verso é música tan só. Mais nos melhores momentos dévanse pol-o relito visirio da poesía con certeiras imaxes:

A soma vai fechando —me non fina—  
a miña voz inzada de luar.  
Na estrada dos —meus— ollos  
a miña anguria apurra da boia  
...diálosos bens do meu ollar,

(Tribas)

As arbres van pol-as orellas  
collidas da man de un bico.  
—  
o vento  
alla nas pedras o seu asabio.

(A noite)

Prosimidades frecuentes con Amado Carballo —especialmente o de «Prosl»— e tamén con Blanco Amor na técnica constructiva do romance «As vegadas», tamén con Rubén Darío ou Carrere. A «Letanía a nuestro señor don Quijote» e a «Oración a la bohemia», xurdem coroadas por estes versos:

Para os que loitamos pol-a vida a vito  
para os que inda temos corazaña no peito

Para o mendicante,  
para o caminhante,  
para os que andiveron pol-o mundo adiante.

Para os tolleñicos, para os malfadados  
e para os que viven ledos magoados,  
piedad, Señor!

(Ladeira)

Como López Abente, Augusto Casas canta á foice. Seu xelito do castaño é unha boa exemplificación dos principios xerais da súa poesía demasias indicada. Compárese a súa «Oración á foice» co poeta muxián. O que n'iste é imprecisión de odio, é en Casas totalitario, massivo. Como titula que ser, pols a ortodoxia da poesía de «O vento segrel» é o tono medio abaritonado, pouco extenso; é, en fin, o verso romántico, macizo, sen nervos losregantes nem pincelos supertos. Unha poesía sen sorpresas, en fin, pra o que descobriu o seu método constructivo.—R. C. C.

**NEOLITHIS,** roman neo-modern, por Jean-Paul Aristed, Paris, s. d. (1931).

Neolithis é a capital da prehistoria. Outrora, chamábase Puydes-Ramplios. Sobre Neolithis pesa o poder incontrastábel da cencia oficial de Mr. Clément-Pouilloux, prehistóriador potenteado con autoridade académica. Mais Neolithis ten un sabio homilde e silencioso, o abade Lacasaagne, más amigo da verdade que de Platón. Picardan, jornalista genial, neo-moderno, contr'a cencia oficial. Descuberta silenciosa do mistério, e descuberta borulleira do glozelense de Le Garrigue. Unha caraña d'abruño exortado, aparecida nun ladrillo con inscripción alfabetiforme, dá a vitoria á prehistoria morta.

Molitas más cousas n'esta novela, que non collen n'unha nochada como esta. E é lástima.

**D' O MAR E D'A TERRA,** poesías de Francisco M. de la Iglesia, publicadas por Fr. Gamero-Sindo Placer, Mercedario. Madrid, Editorial, Mercedaria.

O eruditio fraude de Poyo e ilustre escritor, galego P. Gumerindo Placer, salva elquel do esquecemento os versos dun dos

nosso poeta mais digno de nota do século XIX. Poeta enteiro, como lhe chama o seu escrupuloso editor e protegido, Francisco M.<sup>a</sup> da Iglesia chome bô, sabio, poeta, xornalista, biógrafo, arqueólogo, amigo do folclore e rexionalista, tan cheio de todo: cadros de costumes, versos de lotta, baladas, brismos, humorismo, evocacións históricas, etc. É que coma di ainda o P. Placer «nós os seus versos tremabu a y alma do seu tempo», por certo cheia de generosidade e de polo inicial.

DO HOMEM E DA TERRA, poemas de Serafim Leite, Lisboa, 1932.

Un volume de versos en cuatro partes: *Apologos e saímentos*, *De rerum natura*, *Odes e Evocaciones* e *Do lar e da sardade*. Cada unha posta baixo d'un lema, que son sucesivamente de Paul Valéry —con quen ll'atopan semellanza os críticos—, de Wordawestio, d'Augusto Gil e da musa popular galega. Moralismo, patriotismo, internismo. Feito moi variado, non desbotando —asegúr o consello de Paul Valéry a que s'acolle— «O antigo por ser antigo, nem o novo por ser novo». Expressión libre. Independencia poética.

## REVISTAS

LIBERTAS, Valencia.

D'esta revista, órgao da Federación regional d'Estudiantes Católicos de Valencia, temos recibido tres números, de leitura moi variada. Ocupase da vida universitaria e cultural, polémica, literatura, ciencia, cine, radio, humorismo, actualidades, e sostén con Valentia a sua bandeira. O seu texto é bilingüe.

EL EBRO, Noviembre, 1931.

Sumario: *¿Cómo ha de ser el Estatuto de Aragón?*: Un pueblo sin alma, J. Calvo Alfarro. - *La Unión Aragonesista y el Estatuto Aragonés*. - *Para las Diputaciones aragonesas*. - *Bachillerando*, Juan del Cinca. - *A la lucha, aragoneses*, Gaspar Torrente. - *¿Exclusivismos?; Suspicacias*, Luis Porte i Prass. - *Adelante este Estatuto!*. - *Por esos pueblos de España*, Pedro Cuevas Pieta. - *Conceptos al aragonesismo*. - *Panorama Constituyente*, Luis de la Cuenca.

Diciembre, 1931.

Sumario: *Cacicismo y Centralismo: Hablando de cara al pueblo aragonés*, Luis Porte. - *Estampas del pasado: El traje popular pirenaico*, Ricardo del Arco. - *Diputaciones aragonesas, alerta*. - *De nuestra encuesta: Como ha de ser nuestro Estatuto*, J. Calvo Alfarro. - *Doctrina política*, A. G. S. - *Bachillerando*, Juan del Cinca. - *La vuelta a mi lugar: Despedida de un licenciado*, Mariano Romance Rada. - *Centros hermanos. Conceptos de aragonesismo*, José María Albereda Herrera.

A NOSA TERRA, 1º Febrero 1928.

Dend'iste número, convirteuse iste Boletín —por acordo da Asamblea de Pontevedra— en órgao oficial do Partido Galeguista. Pubrica unha estessa nota d'iste Partido en col d'assuntos d'actualidade, os Estatutos d'iste, e uns versos de Carballo Calero.

LOGOS, Boletín católico mensual, Pontevedra, núms. 13, 14 e 15.

Pubrica: *Cara un diagnóstico do anticlericalismo*, por Heitor du Passage; *San Phyo*, por Fr. G. Placer; *Os atributos das esencias según o P. Zumel*, por P. E. Silva; *As imágenes cíclicas*, por A. V.

BROTÉRIA, Lisboa, n.º de Março e Abril, 1932.

Pubrica: *Renace o Teatro Portugués?*, por Mario Vitor; *Centros de Portugal*, por Luís Chaves; *Mecanicismo ou finalismo?*, por José Torres; *Subsídios para o vocabulário português*, por João Serafim Gomes; *O seiscentismo literario*, por Paúlo Durão.

POTUCALÉ, Porto, Janeiro-Fevereiro, 1932.

Trat: *Etimología de «Barosa», nome de un río da Beira Alta*, por J. Leite de Vasconcelos; *Subsídios para o estudo das consequências da analogia em português*, por Rodrigo de Sa Nogueira; e as interessantíssimas sezioni de sempre: *Inéditos e autógrafos*, *Varia*, *Bibliografia*, etc.

O ISTITUTO, 4.ª serie, vol. II, n.º 1.

Trat: *Subsídios para una bibliografía do paleolítico e epipaleolítico em Portugal*, por Afonso do Paço; *História da Lusitanía e dos povos que primitivamente habitaron a península Ibérica*, por Carlos Augusto da Silva e Oliveira; etc.

A ÁGUA, Porto, Janeiro-Fevereiro, 1932.

Sumarios: *Sobre a reforma do legislativo*, António Sérgio; *A máquina e a alma*, Leonardo Coimbra; *A pedra filosofal*, José Teixeira Rego; *Tarsis na tradição bíblica*, A. C. de Barros Basto (Ben Rush); *Antero político*, Sant'Anna Dionísio; *O tabique*, Carlos Bastos; *Poesia: Ao mocho*, Telxeira de Passoas; *A vida*, Eduardo Salgueiro; *Bibliografia*.

A reaparición d'esta revista, vella amiga, feita por vellos amigos, non pode por menos de nos encher de lexicia. N'A Água temos atopado de cote os galegos un espírito fraterno; A Água ten un posto de honra no movemento espiritual luso-galego. NÓS saudá con fondo agrado o seu rexurdimento.

A ÁGUA, Março-Abril, 1932.

Trat: *Zoología*, por José Teixeira Rego; *Reintagração de um monumento (Capela de S. Frutuoso)*, por Aarão de Lacerda; *Restos visigóticos de Elvas e Campomar*, por R. de Serpa Pinto; *Augusto Martius*, por Leonardo Coimbra.

REVISTA DE GUIMARÃES, Outubro-Dezembro, 1931.

Trat: *A última descoberta arqueológica na Cidadela de Britões*, por Mario Cardozo; *O românico no Concello de Guimarães*, por Luís de Pino.

PENSAMENTO, Revista Internacional, Órgão do Instituto de Cultura Socialista, Porto, Abril, 1932.

Trat: *Cooperativas escolares: Um exemplo de Rotunda*, por Artur Ramos; *Conferências do Casino*, por Antero de Quental; *Charles Gide*, por Raúl Tamagnini.



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LINPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE -- OURENSE

**Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo  
Santiago de Galicia**

De los Profesores

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

**FOTOGRAVADO**

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIONES GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO